



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE OZA-CESURAS PARA A COORDINACIÓN DO PROXECTO DE MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA ESTRADA AC-840.

1. Antecedentes

A Axencia Galega de Infraestruturas ten entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria de Galicia, de xeito que se proporcione ás persoas usuarias da rede, tamén os peóns que as transitan, unhas condicións de condución cómodas e seguras, mellorando os déficits na seguridade viaria e facilitando o acceso aos distintos equipamentos na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico.

2. Razóns de necesidade e oportunidade

A estrada autonómica AC-840, no punto quilométrico 8+280, o seu paso polo núcleo de Oza-Cesuras, estreitase polo paso do tren de xeito que só hai espazo para a circulación de vehículos e non de peóns, polo estes deben invadir directamente á calzada. A inseguridade que esta situación xera fixo que a Axencia Galega de Infraestruturas realizase un estudo de alternativas para determinar a solución máis axeitada avaliando as distintas opcións de conexión. E concluíuse que a mellor das opcións é habilitar un paso exclusivo para peóns, e no seu caso ciclistas non deportivos, mediante un caixón fincado de formigón baixo a vía do tren. Ademais, para acadar un itinerario peonil continuo e seguro, completárase coas conexións da AC-840 a ámbolos dous lados deste paso baixo o tren, de modo que queden garantidas os accesos ás beirarrúas de antes e despois do estreitamento.

3. - Xustificación do convenio

O convenio artella as obrigas das partes para acadar a coordinación da execución e explotación das obras realizadas ao abeiro do proxecto mellora da mobilidade peonil na AC-840 en Oza – Cesuras.



O concello comprométese a poñer a disposición da AXI libe de cargas os terreos necesarios para a normal execución das obras obxecto deste convenio e a asumir, unha vez finalizadas estas, a titularidade da infraestrutura.

E a Axencia Galega de Infraestruturas comprométese e aprobar o proxecto ou documento técnico que recolla as obras ás que se refire este convenio, licitalas, executalas, dirixilas e financiarlas.

4.- Carácter non contractual

O citado convenio é un acordo baseado nos intereses das partes que xera efectos xurídicos entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Marín e que non ten ánimo de lucro nin contido contractual.

5.- Adaptación á Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

O contido do convenio adáptase ao establecido no Título Preliminar, Capítulo VI, artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director da Axencia Galega de Infraestruturas

Francisco Menéndez Iglesias

